

A REVISTA DA
BIBLIOTECA

OUTUBRO NOVEMBRO
DECEMBRO 2025

Nº 67

ABRACADABRA

MOVE, MOVE, MÓVETE
PASATEMPOS

TODO SE MOVE, TODO VAI E VÉN
QUE HAI DE NOVO...



Deputación
DA CORUÑA

IBD
- ANIVERSARIO 1845•2025

BIBLIOTECA
PROVINCIAL
DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL



MOVE, MOVE, MÓVETE



E... xa!!! Encántame esta técnica! É moi divertida. Agora admiramos a obra e... realmente é preciso buscarlle significado? Será produto do pensamento ou das emocións? Ola!!! Que ben que esteades aquí. Chegades xusto a tempo de presenciar o resultado de practicar a pintura automática, unha técnica surrealista que quere liberar o inconsciente mediante o movemento sen control racional. Isto é, pintar sen pensar no que estás a pintar, simplemente deixando á túa man libre e ver que sae. Non vos parece marabilloso? Un dos pioneiros nesta práctica foi o pintor francés André Masson, quen inspirándose na escritura automática, introducida por André Breton, a quen se lle considera un dos pais do surrealismo, adaptou o proceso ao debuxo, primeiro con lapis e despois con pintura e mesmo area. Convidovos a que o probedes e logo contádesme o que vos pareceu. Pintores como Miró, Pollok ou Tápies, entre outros, parten del para crear a súa obra. E xa postos, podedes probar tamén a escritura automática, que consiste en poñerse a escribir sen pensar absolutamente en nada. É moi divertido ler despois todo o que se escribiu.



Pero, a que vén todo isto? Antes de contestarvos lanzarei outro interrogante: Algunha vez preguntástesvos como pensades mellor? Camiñando, escribindo, deitados, correndo, debuxando, bailando,...? Credes que inflúe o movemento no proceso de pensar? Para resolver estas dúbidas decidín probar en primeira persoa todas as posibilidades que se me ocorran. Ademais de buscar información respecto diso, claro. E así, pinte, escribí, bailei, fun a dar un paseo, sentei a descansar, deiteime, saín correr,... e lin unha chea. De feito, o da pintura e a escritura automáticas é parte desta experimentación. Doutra banda, atopei unha chea de estudos que din que o exercicio físico axuda a crear novas neuronas e, en consecuencia, mellora a plasticidade cerebral e mesmo restaura as funcións cognitivas, así como mellora a memoria ou xera novas habilidades motoras. Desde logo, visto así, parece que compensa facer exercicio á marxe das nosas preguntas. Pero volvendo a elas, cabe pensar que ten sentido que o movemento nos sexa beneficioso xa que os nosos devanceiros, basicamente, dependían diso para sobrevivir. Hoxe en día xa non dependemos del para a nosa supervivencia, pero aínda así ten as súas vantaxes, de feito atopei que tras un paseo de aproximadamente unha hora podemos experimentar un incremento na nosa creatividade de ata un 50%!!! Non vos parece unha pasada? E se o paseo é pola natureza pode, ademais, mellorar o estado de ánimo e ampliar os pensamentos para incluír ideas e asociacións remotas, tal e como nos di John Kounios.




En conclusión, aínda me queda moito por experimentar e ler para chegar a dar unha resposta a este tema, pero o que si penso poñer en práctica este curso é saír a dar un paseo antes de poñerme a estudar e facer algo de exercicio catro horas despois, xa que se supón que mellora a memoria. Se queredes, tamén podedes facelo e deixarme as vosas opinións na sección Infantil e Xuvenil da Biblioteca.



Que tarde él! Téñome que ir. Lembrade non deixar de movervos e... Vémonos no próximo número!




PASATEMPOS



Aquí vos deixamos uns chistes malos, pero malos, malos para rir a

- ¿Por qué el tomate no toma café?
Porque toma te.



- ¿Por qué el marisco viene del mar?
Porque si viniese de Francia sería Francisco

- Están dos amigos practicando inglés y uno le pregunta al otro:

- ¿Sabes cómo se dice un zapato en inglés?

El otro contesta: - A shoe

Y el primero dice: ¡Salud!

- ¿Cómo pasa superman entre la gente?
Con su permiso



- Papá, ¿hay gelatina?

- No, hay y e i latina, pero g latina no.

- ¿Sabes por qué le dan el premio a la excelencia a un espantapájaros?

Porque es el mejor en su campo.

- ¿Qué diferencia hay ente un terremoto y un volcán?
Que el terremoto ensucia y el volcán lava.

E agora, a ver se sodes quen de atopar 7 formas de movernos nesta sopa de letras:

H	H	A	M	T	T	S	F	O	U
R	R	N	I	U	A	R	M	G	K
A	K	D	O	U	E	N	S	E	U
L	E	A	R	R	A	T	L	A	S
I	I	R	R	A	Q	H	A	O	O
A	E	O	E	L	E	B	E	R	P
B	C	W	R	E	P	T	A	R	N
I	N	X	Q	E	M	I	A	Ñ	D
O	O	G	N	A	D	A	R	G	T
E	P	V	H	L	B	U	K	B	A



E, para rematar uns xeroglíficos moi de aquí:

Por onde ides correr hoxe?




E vós?





TODO SE MOVE



TODO SE MOVE, TODO VAI E VÉN

Como pensas mellor? Bailando? Escribindo? Debuxando?

O escultor estadounidense Alexander Calder tiña unha forma de "pensar mellor" fóra do habitual: "Penso mellor en arame", explicaba. Alexander debuxaba no aire. Non utilizaba lapis nin pincel, senón arame, que retorcíaa ou estiraba segundo o proxecto que estaba a realizar.

A maioría das súas obras son móbiles con volumes e formas coloridas, que "bailan ante nós" co paso do aire.

Agora tócache a ti:

1. Busca movementos máis ou menos sutís provocados polo paso do aire.
2. Observa as cousas en movemento.
3. Rexistra o que che pareza máis interesante en pequenas gravacións.
4. Pon un nome aos movementos que rexistraches.



Se che gusta este experimento, recomendámosche "Con ojos creativos", un libro imprescindible para mentes inquietas, onde atoparás historias e preguntas que alimentan a imaxinación e experimentos para xogar coa túa creatividade, de onde sacamos o que che deixamos aquí. Dispoñible na sala Xuvenil, sinatura 159,9 MIN con / a

Solucións dos pasatempos



Que hai de novo...?

* Este ano **A BIBLIOTECA CUMPRE 180 ANOS** e estamos de celebración. Manterémosvos informados.

* **PRÉSTAMO DIXITAL.** Se tamén che gusta ler en dixital, non agardes máis e dáte de alta na biblioteca dixital EbiblioDaCoruna. É moi sinxelo, consulta na biblioteca ou na páxina web www.dacoruna.gal/biblioteca/ebibliodacoruna/ebiblioteca-info

* **RECUNCHOS NA BIBLIOTECA** con libros, DVD e materiais adicionais de diferentes temáticas nos que sempre atoparás algunha sorpresa.

* **RESERVAS E RENOVACIÓNS.** Podedes facelas na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.

* Lembra que podes ser **COLABORADOR/A DA NOSA REVISTA ABRACADABRA.** Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas... déixaas na Sección Infantil Xuvenil ou envíaas ao noso correo biblioteca.infantilxjuvenil@dacoruna.gal e publicarámoslas no próximo número da revista.

* Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

		A							
R		N				R			
A		D			E				
L		A	R	R	A	T	L	A	S
I		R	R	A					
A		O			E				
B	C		R	E	P	T	A	R	
							A		
			N	A	D	A	R	G	

Xeroglíficos

Por Pontareas (x-ponte-areas)

Por Camariñas (x-cama-riñas)



Biblioteca Provincial
da Deputación da Coruña
Sección Infantil e Xuvenil
R/Riego de Agua, 37 – 15001 A Coruña
Tfno: 981 080 171

Depósito Legal: C 4802-2008

